

## NAJLA SHAMI

Compositora e cantora de grande versatilidade cunha ampla traxectoria no mundo da música, as artes e da ensinanza. Nada en Santiago de Compostela de pai palestino e nai galega, a mestura é o factor que define toda a súa carreira musical. O jazz, funk, blues, música brasileira, galega, española ou árabe están presentes no seu traballo. Ven de publicar co guitarrista Héctor Lorenzo o disco de estudio *Haikus* (Inquedanzas Sonoras, 2011) co que integra a formación galega *Lobalú* e coa *Safari Orquestra* o traballo *Ben Deitei* (Ouvirmos, 2010). Ten levado a súa voz a distintas partes do mundo como India, Portugal, Noruega, España ou Xordania tanto en solitario como integrando diversas formacións nas que cabe destaca-lo traballo polifónico en diversos coros de world music como O Coro da Rá, O Coro da Agemm ou o quinteto vocal Os Tristáns.

Traballa en numerosos espectáculos, tanto en directo como en gravacións de estudio que son punto de encontro e convívio entre músicos distintas partes do mundo como Brasil, Portugal, Angola, Galiza, España que espallan as músicas da Lusofonía/Galeguía, e xa compartiu escenario con músicos coma Uxía, Sérgio Tannus, João Afonso, Antonio Zambujo, Couple Coffee, Quim Fariña, Guillermo Fernández, Aline Frazão, Narf, Fred Martins ou Serginho Sales entre outros.

É mestra en educación musical, cursou estudos de música moderna no apartado de jazz en Santiago de Compostela. Afondou enormemente na técnica vocal e a súa pedagogía con profesoras como Helen Rowson, Sarah Stephenson, Charlotte Shorthouse e Alexandra Morales (Liverpool e Barcelona) na técnica Voice Kraft; con Celia Mur no campo do scat jazzístico; coa foniatra Marisa Lois na curación, lesións e saúde da voz. Realizou cursos de creatividade e improvisación con David de Padro Díez e Walter Thompson; cursos de iniciación á técnica vocal hindú coa mestra Dhanashree Pandit-Rai en Mumbai (India) e actualmente estudia canto clásico coa soprano Mercedes Hernández.

Combina a súa paixón pola música coa ensinanza, colaborando con distintas escolas como profesora de técnica vocal e linguaxe musical.

## SÉRGIO TANNUS

Nesta ocasión ven acompañada por Sérgio Tannus. Sérgio Tannus é un dos máis completos artistas da safra brasileira. Virtuoso en instrumentos variados, como violões, guitarra, baixo, cavaquinho, bandolín e percusións, comezou a tocar cando tiña oito anos. Autodidacta, o músico foise perfeccionando na búsqueda de novas sonoridades, aliadas ás influencias e estilos universais, sen entretanto, deixar de lado a súa brasilidade. Cidadán do mundo, nacido en Itaperuna e morador da cidade de Niterói-RJ desde seus 7 anos, o artista dende 2006 vive en Santiago de Compostela, en Galiza, onde ven divulgando o seu traballo de multi-instrumentista e cantautor por varios países de Europa. O seu anterior proxecto “Múltiplos Caminhos” reflicte a súa diversidade musical e versatilidade, gravando todos os instrumentos e ritmos variados. Como resultado, este traballo levouno nos últimos anos a acompañar tanto en solitario como ca súa formación Sérgio Tannus Trío (con Paulo Silva ás percusións e Serginho Sales ó piano) a numerosos artistas como Uxía (con quen co- produciu “Meu canto”), Aline Frazão, Malvela, Najla Shami, Banda das Crechas, Dulce Pontes, João Afonso, Fred Martins, Carlos Blanco, Mayra Andrade, Antonio Zambujo.